



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación.

Mediante Orde do 19 de outubro de 2020 foi convocado concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (DOG núm. 219, do 30 de outubro).

A base vixésimo sexta, sobre resolución provisional do concurso, establece que unha vez recibidas na Consellería de Cultura, Educación e Universidade, as actas da Comisión Avaliadora, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procederase, conforme as peticións e os méritos das persoas participantes, á adxudicación dos destinos e faranse públicos na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal)

Na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN

Primeiro. Adxudicar destino provisional ao persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación que figuran na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal) para cubrir prazas nos centros ou sedes que alí se especifican.

Segundo. Publicar as relacións de persoas excluídas na páxina web desta consellería polas causas que se indican.

Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base vixésimo novena da Orde do 19 de outubro de 2020, cabe reclamación no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na citada páxina web. O prazo de renuncias será o mesmo que o establecido para as reclamacións.

Non obstante, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Dirección Xeral de Centros e
Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano
15781 Santiago de Compostela
981 54 6558
www.edu.xunta.gal

galicia

Cuarto. As reclamacións e renuncias poderanse presentar polos procedementos a que alude a base vixésimo segunda e remitiranse ademais por correo electrónico ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.gal dentro do prazo establecido.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

